

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

RESOLUCIÓN do 21 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, relativa á publicación das puntuacións definitivas e finalización da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso na categoría de pinche, polos sistemas de acceso libre, promoción interna e discapacidade xeral, convocado pola Resolución do 13 de decembro de 2019.

Mediante a Resolución do 4 de xullo de 2022 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 134, do 14 de xullo) publicouse o modelo definitivo de respostas dos distintos exercicios, así como as puntuacións provisionais da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso na categoría de pinche, polos sistemas de acceso libre, promoción interna e discapacidade xeral, convocado pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 13 de decembro de 2019 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 245, do 26 de decembro).

A base oitava da resolución de convocatoria do proceso dispón que, tras a publicación das puntuacións provisionais dos exercicios, os/as aspirantes poderán presentar reclamación ante o tribunal no prazo de cinco días hábiles seguintes ao da devandita publicación, unicamente de existiren erros na confección aritmética da puntuación obtida.

A estimación ou desestimación das reclamacións entenderase implícita na resolución pola que se aproben as puntuacións definitivas dos distintos exercicios, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*. Se no mesmo período o tribunal, de oficio, aprecia algún erro na confección aritmética da puntuación obtida na fase de oposición por algún/algunha aspirante, poderá proceder á súa corrección.

Finalizado este prazo, e de conformidade coa devandita base, este centro directivo

RESOLVE:

Primeiro. Dar publicidade, a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es), ás puntuacións definitivas obtidas polos/as aspirantes presentados/as en cada un dos exercicios que integran a fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso na categoría de pinche, polos sistemas de acceso libre, promoción interna e discapacidade xeral, convocado pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 13 de decembro de 2019 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 245, do 26 de decembro).



Segundo. Declarar finalizada a fase de oposición do referido proceso selectivo.

Terceiro. Esta resolución poderá ser impugnada polos/as interesados/as nos termos previstos nas bases 7) e 11) da resolución de convocatoria do proceso.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2022

Ana María Comesaña Álvarez
Directora xeral de Recursos Humanos

CVE-DOG: zbc04ji2-9mp3-sz32-n1y2-zqbhqg1jids9

